



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIRO

Aprobación definitiva do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) do Concello de Boiro

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Boiro, na sesión ordinaria en sesión ordinaria realizada o 23 de novembro de 2023, aprobou de xeito inicial o Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) do Concello de Boiro.

O expediente aprobado de xeito inicial foi sometido a información pública durante un prazo de trinta (30) días mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 2, do 2 de xaneiro de 2024.

Transcorrido o anterior prazo sen que existan reclamacións ou alegacións pendentes de someter a consideración plenaria, o PMUS debe considerarse aprobado de xeito definitivo.

Contra esta disposición de carácter xeral cabe recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente Regulamento no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (artigos 10.1.b e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-administrativa)

O texto íntegro do PMUS está publicado no portal de transparencia do Concello de Boiro (no apartado de normativa) e pode ser consultado a través do seguinte enlace:

<https://boiro.sedelectronica.gal/transparency/31ab1605-a804-466e-8395-dac14e8d56b7/>

Boiro, 6 de marzo de 2025.

O Alcalde

José Ramón Romero García.

2025/1494